



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA DEZASETE DE XANEIRO DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día dezasete de xaneiro de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta. Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de decembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Instancia núm. 201600000000723 de dona M^a Teresa Barreiro de la Torre. (Expediente núm.: 2016/U022/000013)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para obras de rehabilitación de edificación, de aproximadamente 170 m² en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, situada en Ponte Ulla nº 11 (Expediente núm.: 2016/U022/000013), en solo cualificado no PXOM como urbano, dentro do ámbito do Plan Especial Núcleo de Ponte Ulla (PE-1).

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 8966513NH4386N0001GT.

Dáse conta tamén da autorización outorgada polo Servizo de Patrimonio Cultural, con data do 17 de novembro de 2016 (expte.: 2016/0868 VP), para as obras solicitadas, ao tratarse dunha intervención nun edificio catalogado polo vixente PXOM, coas seguintes condicións:

-As obras non afectarán ao volume nin morfoloxía dos inmobles. Non poderá aumentarse en altura o cumio do tellado. Non se autoriza a apertura de bufardas nin novos ocos na cuberta.

-O material de cobertura será o tradicional do lugar, a tella cerámica curva vermella. Procurarase reutilizar a tella vella existente que estea en bo estado.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



-O voo dos beirís será semellante aos existentes tradicionalmente. Manterase a tipoloxía tradicional do beiril.

-Coidarase que o fibrocemento baixo a tella non quede visible ao exterior.

-De colocar novos canlóns e baixantes, ou calquera outro elemento necesario para a execución do saneamento visto, terán seccións circulares sen molduras, de cobre ou cinc na súa cor natural sen brillos.

-De modificar ou substituír elementos principais da estrutura: vigas, trabes ou tesoiras, será preciso a presentación de planos da nova proposta da estrutura de cuberta onde se indiquen materiais e dimensións das pezas e asinado por técnico competente. Se os elementos a substituír son secundarios: terzos, cangos, pontóns, entaboados, será posible a súa substitución por outros de características semellantes.

-En construcións tradicionais, como estas que nos ocupan, manterase a estrutura de madeira.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de ano e medio para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións:

-Deberán cumprir as condicións establecidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural na súa resolución.

-En cumprimento do artigo 3 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, deberá proceder ao nomeamento de coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento oitenta e un euros con sesenta e seis céntimos (#181,66#)

2.2.- Instancia núm. 201600000001686 de Unión Fenosa Distribución, S.A. (Expediente núm. 2016/U022/000033)

Dáse conta da citada instancia na que don José Antonio Fernández Amaro, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A, solicita licenza para obras de extensión da rede de baixa tensión existente, nunha lonxitude aproximada de 11 metros, para atender solicitude de subministro a unha vivenda unifamiliar en Albelá de Arriba-Santa Cruz de Ribadulla (expediente núm.: 2016/U022/000033), nos termos do proxecto técnico achegado.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. As obras axustaranse ás seguintes condicións: non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba.

3º.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 75 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.3.- Instancia núm. 20160000001742 de don José María Rico Junquera e dona María Pereira Albela. (Expediente núm. 2016/U022/000034)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Pontevedra, solicitan licenza para legalización de ampliación de vivenda, situada en San Mamede (Expediente núm.: 2016/U022/000034), en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta, núm.: plantas S+B+1. Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto don José A. Hernando Ezquerra, cun orzamento de 6.835,00 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A507005330000AL.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada para legalización de ampliación de vivenda en San Mamede -(San Mamede de Ribadulla).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento trinta e seis euros con setenta céntimos (#136,70#).

2.4.- Comunicación previa de obra de don Alberto Manuel Costoya Baqueiro. (Expediente número 2016/U026/000068).

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Alberto Manuel Costoya Baqueiro para rehabilitación de vivenda consistente en cambiar a tella da cuberta, de aproximadamente 62 m² en planta, e cambiar 8 fiestras.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 6966909NH4366N, emprazada en Galegos-Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de un ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica, sen que en ningún caso se poida afectar a estrutura da vivenda. En ningún caso a comunicación previa amparará obras interiores na edificación obxecto do expediente.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e dous euros con dez céntimos (#82,10#).

2.5.- Comunicación previa de obra de don Antonio Parada González. (Expediente núm. 2016/U026/000069)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Antonio Parada González para encintado de muro de pedra de aproximadamente 15 metros de lonxitude e 2,5 metros de alto, e tamén cortar o vial municipal o tempo imprescindible para executar a obra.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 001201000NH43F, emprazada en Socastro, 10 – San Mamede de Ribadulla, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno :

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo as obras axustarse ao comunicado.

Por afectar as obras a un vial municipal deberán sinalizarse correctamente tanto a obra coma o corte da vía, marcando unha ruta alternativa ao seu uso. Así mesmo deberá comunicar o inicio da obra e realizala no menor tempo posible para evitar molestias aos usuarios da vía afectada.

Deberá contar tamén coa autorización do Ministerio de Fomento por estar a obra afectada pola vía do tren.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.6.- Instancia núm. 16/17 de don Emilio Midón Souto. (Expte. núm. 2017/U018/000001)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita a modificación da licenza para parcelación de finca en Paradela-San Xián de Sales, nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Luís Villar Folla-Cisneros, en calidade de Arquitecto-Técnico, de data 5 de xaneiro de 2017.

Con data do 3 de agosto de 2010 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza para parcelación da finca número 274 do plano do acordo da concentración parcelaria de San Xián de Sales, en cinco parcelas, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Fco. Javier Bellet García.

Con data do 26 de marzo de 2012 a Xunta de Goberno Local acordou a modificación da licenza de parcelación concedida no que á superficie das parcelas resultantes se refire, e nos termos da documentación achegada polo técnico don Fco. Javier Bellet García.

Agora preténdese unha nova modificación das superficies nos termos da documentación técnica achegada e polos motivos expresados na mesma.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda modificar novamente a licenza de parcelación concedida, no que á superficie das parcelas resultantes se refire, nos termos da documentación técnica que se achega asinada por don Luis Villar Folla-Cisneros, con número de visado UNI7000030 e de data 5 de xaneiro de 2017.

3º.- Certificacións de obras

3.1.- Certificación núm. 2 e última da obra de *Acondicionamento acústico da Escola de Música (Código 2015.3110.0187.0)*



Dáse conta da certificación núm. 2 e última da obra de *Acondicionamento acústico da Escola de Música (código 2015.3110.0187.0)*, incluída no Plan de Acción Social (PAS 2015), e da factura núm. 02.16.000843 da empresa adxudicataria da obra, Copcisa S.A, por importe de seis mil catrocentos catro euros con vinte e nove céntimos (#6.404,29#). A Xunta de Goberno acorda aprobar a certificación e a factura.

4º.- Acordo, se procede, sobre adhesión ao Programa de integración Laboral da Deputación Provincial.

Dáse conta das bases reguladoras do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2017 (Línea 1. PEL Ayuntamientos), aprobadas por Resolución da Presidencia da Deputación núm. 31551/16, de data 21 de decembro (BOP núm. 243/16, de data 26 de decembro), cuxo obxecto é fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal en situación de exclusión laboral para a prestación dos servizos mínimos municipais e a execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas con servizos mínimos.

Ao abeiro das mesmas, a Xunta de Goberno acorda :

Primeiro.- Adherirse ao Programa de Integración Laboral da Deputación Provincial.
Segundo.- Aprobar a memoria para a contratación de 3 oficiais de segunda xardineiros/as; 1 oficial de segunda tractorista/desbrozador/a e 2 oficiais de segunda de albanel.

5º.- Aprobación, se procede, de solicitude nominativa á Deputación Provincial para a adquisición de dous vehículos para servizos varios e brigada verde.

Este concello solicitoulle á Deputación Provincial unha subvención nominativa, por importe de cincuenta e cinco mil cincocentos (#55.500,00#) euros para o financiamento de dous vehículos: un furgón para o persoal de servizos varios municipais e unha furgoneta para a brigada verde municipal.

Á vista da comunicación remitida pola Deputación, a Xunta de Goberno acorda aprobar a solicitude e a memoria para a adquisición dos dous vehículos.

6º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de decembro:

DECRETO	DATA	
531	01/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
532	01/12/2016	Contratación de dona Rocío Campaña para cubrir vacacións de persoal na ludoteca e servizo de madrugadores
533	01/12/2016	Adxudicación obra de Acondicionamento de espazo público na estación de ferrocarril de Santa Cruz (PAS 2015) a Coviastec, S.L
534	02/12/2016	Altas no padrón municipal de habitantes
535	02/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
536	02/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
537	02/12/2016	Concesión axuda adquisición de gafas por sinistro na ludoteca
538	05/12/2016	Concesión de axudas de emerxencia social



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




539	05/12/2016	Concesión de axudas de emerxencia social
540	05/12/2016	Concesión de axudas de emerxencia social
541	05/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
542	05/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
543	05/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
544	05/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
545	05/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
546	05/12/2016	Altas no padrón municipal de habitantes
547	05/12/2016	Concesión de axudas de emerxencia social
548	07/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
549	07/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
550	09/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
551	09/12/2016	Altas no padrón municipal de habitantes
552	12/12/2016	Arquivo expediente denuncia limpeza de fincas (Lei incendios)
553	12/12/2016	Altas no padrón municipal de habitantes
554	12/12/2016	Alta padrón municipal de habitantes
555	12/12/2016	Altas no padrón municipal de habitantes
556	12/12/2016	Concesión uso pavillón municipal para torneo de judo
557	12/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
558	13/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
559	13/12/2016	Alta padrón municipal de habitantes
560	13/12/2016	Alta padrón municipal de habitantes
561	13/12/2016	Aprobación memoria para a mellora do pavimento do Pavillón Municipal e ordenando solicitar orzamento de execución á empresa Sport Equipalia, S.L e acreditación de solvencia suficiente
562	14/12/2016	Aprobación certificación e factura da obra de Acondicionamento de espazo público no entorno da estación de ferrocarril de Santa Cruz (Plan hURBE)
563	15/12/2016	Altas no padrón municipal de habitantes
564	15/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
565	12/12/2016	Aprobación de orzamentos da empresa CYE Control y Estudios, S.L para levar a cabo o control externo da calidade das obras de Acondicionamento da estación de ferrocarril de Santa Cruz de Ribadulla, incluídas no Plan hURBE e PAS 2015
566	16/12/2016	Clasificación ofertas presentadas licitación obra de Aparcadoiro disuasorio en Ponte Ulla (PAS 2015) e requirimento á Nemesio Ordóñez, S.A (mellor clasificado) para que presente a documentación preceptiva para a súa adxudicación
567	16/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
568	16/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
569	16/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
570	19/12/2016	Incorporación SAF de don J.C.M
571	19/12/2016	Adxudicando obra de mellora da pista do Pavillón Municipal a Sport Equipalia, S.L, logo de acreditada a súa solvencia económica e técnica
572	19/12/2016	Altas no padrón municipal de habitantes
573	20/12/2016	Cambio epígrafe recibos taxas de lixo e sumidoiros do inmoible sito no núm. 12 de Figueiredo –Ponte Ulla
574	20/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
575	20/12/2016	Aprobación conta xustificativa do gasto de limpeza do CPI de Vedra
576	21/12/2016	Ampliación intensidade SAF a J.G.M
577	21/12/2016	Modificación contribución económica usuarios/as SAF (Libre concorrencia) para o exercicio 2017
578	21/12/2016	Altas no padrón municipal de habitantes
579	22/12/2016	Ampliación intensidade SAF a A.C.B
580	22/12/2016	Clasificación ofertas obra de Mellora do Arquivo Histórico Municipal de Vedra (PAS 2015) e requirimento a Oviga, S.A



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		(mellor clasificado) para que presente a documentación preceptiva para a súa adxudicación
581	22/12/2016	Adxudicando obra de reposición de firme da antiga N-525 (Sol) a Coviastec, S.L
582	23/12/2016	Altas no padrón municipal de habitantes
583	23/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
584	26/12/2016	Concesión gratificación a dona Clara Lema Rodríguez
585	26/12/2016	Concertando operación de préstamo (aprobado en Pleno) con A Banca
586	27/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
587	27/12/2016	Transferencias de crédito dentro da mesma área de gasto entre aplicacións con distinta vinculación xurídica
588	27/12/2016	Rexeitamento factura (RCF 2016/1457)
589	28/12/2016	Adxudicando obra de Mellora do Arquivo Histórico Municipal de Vedra (PAS 2015) a Oviga, S.A
590	28/12/2016	Aprobación orzamento presentado por Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.L para a subministración de equipos para a medición de parámetros na rede de abastecemento de auga potable
591	28/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
592	29/12/2016	Delegación funcións Alcaldía do 02-08/01/2017
593	29/12/2016	Alta no padrón municipal de habitantes
594	29/12/2015	Alta no padrón municipal de habitantes
595	29/12/2016	Adxudicando obra de Aparcadoiro disuasorio en Ponte Ulla (PAS 2015)
596	29/12/2016	Altas padrón municipal de habitantes
597	29/12/2016	Transferencias de crédito dentro da mesma área de gasto entre aplicacións con distinta vinculación xurídica
598	29/12/2016	Cambio titularidade recibo taxa lixo vivenda núm. 15 de Tomonde – Santa Cruz de Ribadulla
599	30/12/2016	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
600	30/12/2016	Autorización celebración festas en San Xián de Sales
601	30/12/2016	Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de Acondicionamento de local social en San Mamede (convenio coa Deputación nº 59/16)
602	30/12/2016	Alta padrón municipal de habitantes
603	30/12/2016	Alta SAF Dependencia de R.A.M.
604	30/12/2016	Concesión gratificacións ao persoal que levou a cabo a campaña de empadroamento
605	30/12/2016	Transferencias de crédito dentro da mesma área de gasto entre aplicacións con distinta vinculación xurídica
606	30/12/2016	Aprobación facturas do exercicio 2016

A Xunta de Goberno dáse por informada.

7º.- Outros asuntos.

7.1.- Solicitudes de atención domiciliaria.

7.1.1.- Solicitud núm. 1684/16 de don M. M. G.

Dáse conta do citado escrito no que don M. M. G. , en representación de dona J. G. R., solicita axuda no fogar para a atención persoal en tanto non poida acceder a este servizo polo sistema de dependencia.

A Xunta de Goberno, á vista do informe da traballadora social, acorda:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Primeiro.- Concederlle o servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrencia, cunha intensidade de 22 horas mensuais, de luns a venres.

Segundo.- Aprobar unha achega da usuaria, de acordo coa ordenanza reguladora do servizo, do 10% do custo da hora, é dicir, 1,43 euros/hora.

Conclúe ao fío das vinte e unha hora e vinte minutos.